

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial

ANUNCIO

De conformidade co establecido nos artigos 19 e 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por medio do presente anuncio dáse publicidade á Resolución desta Alcaldía núm. 1145, do 3 de xullo de 2015, relativa á determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial, que consta da seguinte parte dispositiva:

“**Primeiro:** Os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións e réxime de dedicación acordados polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria do 2 de xullo actual, son os seguintes:

- Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente
- Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación
- Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares
- Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre
- Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico
- Dona Leonor Fernández Grande, concelleira con delegación especial dos servizos correspondentes ás políticas de Igualdade, Muller e Familia, integrados na Área de Benestar e Educación
- Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos correspondentes ás políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria, integrados na Área de Benestar e Educación

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos concelleiros/as designados para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Terceiro: Con base nos acordos do Pleno da Corporación de referencia, como alcalde-presidente do Concello de Cambre, desempeñarei as ditas funcións en réxime de dedicación parcial, coas retribucións e dedicación acordados.

Cuarto: Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, unha vez aceptados os cargos, publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal.”

Cambre, 6 de xullo de 2015

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2015/7397